

Unha fin de semana para lembrar a Rosalía

Redacción | [@prazapublica](#)

O 24 de febreiro conmemórase coma todos os anos o aniversario do nacemento da poeta en 1837 en Compostela. Pero este non é un ano máis: o 17 de maio farán 150 anos da publicación de *Cantares Gallegos*, o fito que marcou o inicio do rexurdimento cultural de Galicia. **Dende hai meses son moitas as entidades e persoas que veñen reclamando que coincidindo con esta efeméride o 2013 se dedique ao coñecemento e á reivindicación da poeta e se dote á celebración dun carácter oficial.**

O 24 de febreiro está recollido oficialmente como *Día de Rosalía de Castro* pola Consellería de Cultura e Educación no seu Calendario do Libro e da Lectura, pero non figura oficialmente no calendario escolar. **A CIG reclamou recentemente que se recoñeza "como unha conmemoración centrada no recoñecemento e na difusión da autora que simboliza o Rexurdimento da nosa lingua e da nosa literatura"** e pediu que "a Consellaría mude a súa postura insensíbel e inexplicábel cara ao idioma galego e admita esta proposta". Oficial ou non, [a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua galega \(AELG\)](#) celebra lecturas colectivas en numerosas cidades e vilas o sábado 23 de febreiro e está organizando un acto nacional que se celebrará o domingo 24 no Panteón dos Galegos Ilustres. **De igual xeito o 22 de febreiro haberá lecturas colectivas de poemas de Cantares Gallegos en moitos centros de ensino de todo o país. Ademais, anima a cidadanía a agasallar un libro en galego e unha flor no día do nacemento de Rosalía.**

No pasado 2012 a AELG promoveu unha moción a presentar nos concellos do país para instaurar o 24 de febreiro como Día Rosalía de Castro e, así, organizaren actos de celebración. A moción foi aprobada en Allariz, Ames, Betanzos, Deputación Provincial da Coruña, Fisterra, Foz, Lalín, Lobeira, Muros, Narón, Padrón, Poio, Ponteareas, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Redondela, Rianxo, O Rosal, San Sadurniño, Santiago de Compostela, Tui, Valdoviño, Vigo, Vilasantar e Xermade.

Alén das lecturas colectivas que terán lugar o venres e sábado, o prato forte chegará o domingo 24 ás 12 horas. **No Panteón de Galegos Ilustres terá lugar un acto nacional onde serán lidos poemas de *Cantares gallegos*, ademais da realización dunha ofrenda floral acompañada da lectura dun manifesto a cargo de Cesáreo Sánchez Iglesias e de Xina Vega.**

Tamén dende a Fundación Rosalía, a Real Academia Galega e a Universidade de Vigo, estanse a organizar distintos actos para conmemorar os cento cincuenta anos desta obra. [Na mañá do domingo 24 de febreiro animan](#) a que todos os grupos de música tradicional e gaiter@s que o desexen, saian ás rúas, camiños, prazas, lugares simbólicos..., **para botar unha peza na honra da poeta**, podendo espallar unha octavilla [cun manifesto](#) que explica o motivo e razón da iniciativa. De igual xeito tamén organizarán actos de homenaxe ao longo da fin de semana *O terzo da fala* en Bos Aires, a Asociación de Mulleres Floralba de Pontearreas, o Concello de Fisterra, ou a Asociación Cultural "Vagalumes" da Estrada.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

Martes 24, Xullo 2012 | [Cultura](#)

[A tradución ao inglés de 'Cantares gallegos', no mercado anglosaxón a finais de ano](#)

Mércores 7, Marzo 2012 | [Política](#)

[O PP veta un día de Rosalía no ensino: "cando a louvanza é grande, ata o santo desconfía"](#)

8 DE MARZO ▼ Xoves 23, Febreiro 2012 | [Cultura](#)

["Rosalía era a voz dos silenciados, das maltratadas, da lingua, era a voz que falaba por todos"](#)

Homenaxe da AELG

Lectura colectiva de 'Cantares Gallegos' nos centros ensino

Homenaxe da AELG